

CONCURSO #INSTAGRAM SEN MACHISMO!

Con motivo do 25 de novembro, Día internacional contra a violencia de xénero, A Deputación da Coruña, a través da Área de Igualdade de Xénero e en colaboración co centro educativo, convoca o concurso “Instagram sen machismo” dirixido ao alumnado de 3º e 4º da ESO, co obxectivo de sensibilizar á mocidade sobre a problemática da violencia de xénero.

PRIMEIRA. Obxecto.

Trasladar á rede social Instagram e ao contexto da mocidade as conversas desenvolvidas na aula sobre as diferentes formas de violencia machista.

SEGUNDA. Participación.

Pode participar todo o alumnado de 3º e 4º da ESO dos 14 centros educativos beneficiarios do programa socioeducativo de prevención da violencia de xénero “SUPRime o ConTRoL” para o curso 2016/17 que teña unha conta de Instagram e o seu perfil sexa público.

Ao longo do mes de novembro publicaranse 4 post en <https://www.instagram.com/suprimeocontrol/>, un cada semana:

- 1º Post: Busca algún exemplo de machismo nas redes sociais (fotografías, comentarios, etc.); súbeo a Instagram desde o teu perfil e coméntao.
- 2º Post: Comparte unha noticia sobre a violencia de xénero ou que teña contidos machistas e coméntaa.
- 3º Post: Deseña o teu Gif para sensibilizar á poboación adolescente sobre a violencia machista e súbeo a Instagram.
- 4º Post: Crea un lema para unha campaña de sensibilización contra a violencia de xénero.

Podes participar en todos os posts que desexes, así como facer cantas publicacións queiras en cada un deles seguindo os contidos que se marcan. Cantas máis fagas, máis opcións terás para facerte con algúns dos premios do concurso.

Publica os teus comentarios, fotografías, noticias, Gifs, lemas, etc., co hashtag (etiqueta) #Instagramsenmachismo e menciona a @SUPRIMEOCONTROL. Premiaranse aquelas publicacións que mostren unha boa comprensión da problemática e cuxa extensión non supere os 240 caracteres. Valoraranse especialmente aquelas publicacións que fagan un correcto tratamento do tema da violencia de xénero, o seu carácter asertivo e o posible impacto que poda ter. Así mesmo, valorarase a orixinalidade, o estilo, a redacción e o impacto da mensaxe. Os textos terán que estar escritos en galego e presentar corrección ortográfica e gramatical.

As publicacións deben garantir o anonimato de terceiras persoas. Calquera contido que a Deputación considere, inadecuado ou ofensivo, eliminarase e non tomará parte no concurso.

Para poder participar, terás que ENTREGAR A FOLLA DE AUTORIZACIÓN firmada polo teu pai, nai ou titor/a no centro educativo, preferiblemente ao titor ou titora do teu curso.

Se precisas máis información, consulta en info@suprimeocontrol.com.

TERCEIRA. Prazos.

Poderás participar desde o día 1 de novembro ata o día 16 de decembro do 2016 (ambos incluídos).

CUARTA. O xurado

A selección das 3 mellores publicacións que cumpran cos requisitos anteriormente descritos, correrá a cargo dun xurado que estará composto polo persoal técnico dos Servizos Sociais da Deputación da Coruña e polo persoal técnico a cargo do desenvolvemento do proxecto socioeducativo “SUPRime o ConTRoL”. Entre os meses de decembro e xaneiro farase público o fallo do xurado a través da páxina Web do proxecto (www.suprimeocontrol.com) e das **redes sociais** (Facebook, Twitter e Instagram), así como a entrega dos premios ao alumnado gañador. Os premios enviaranse ao centro educativo.

A Deputación resérvase o dereito de modificar as condicións en calquera momento, incluso pode chegar a anulalo ou deixalo sen efecto sempre que conorra causa xustificada, en todo caso comprométese a comunicalo pola mesma vía.

Así mesmo, o xurado poderá declarar deserto o premio e a súa proposta será obxecto de resolución da Presidencia desta Deputación, que é o órgano competente para resolver o premio.

QUINTA. Premios.

CONCURSO #INSTAGRAM SEN MACHISMO!

Outorgaranse 3 premios. Así, entre todas as publicacións recibidas seleccionaranse as 3 mellores e os seus autores ou autoras recibirán unha tablet "Leotec Supernova Qi16 10.1" IPS 16GB" ou similar.

SEXTA. Autoría das publicacións.

O alumnado que presente as súas publicacións ao concurso ha de ser responsable da orixinalidade e autoría das mesmas.

SÉPTIMA. Aceptación das bases

A participación neste concurso implica a aceptación das bases e das normas de Instagram (<http://instagram.com/legal/terms/>). A Deputación da Coruña resérvase o dereito de difundir as publicacións presentadas, premiadas ou non. De igual modo, as publicacións poderán ser empregadas en campañas de sensibilización fronte a violencia de xénero a través de diferentes soportes.

A Deputación da Coruña resérvase o dereito de rexeitar ou excluír da participación no concurso a calquera participante que non reúna os requisitos descritos nas presentes bases e termos de participación ou non cumpra as normas ou finalidade do concurso.

CONCURSO #INSTAGRAM SEN MACHISMO!

AUTORIZACIÓN.

Autorización de participación da titora ou titor legal

NOME E APELIDOS DA NAI/PAI/TITOR OU TITORA LEGAL QUE AUTORIZA A PARTICIPACIÓN	
RELACIÓN LEGAL CO ALUMNO/A PARTICIPANTE	<input type="checkbox"/> Nai <input type="checkbox"/> Pai <input type="checkbox"/> Titor/a legal
DNI	
TELÉFONO	
AUTORIZACIÓN Á PARTICIPACIÓN NO CONCURSO #INSTAGRAM SEN MACHISMO ORGANIZADO POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA	
CENTRO EDUCATIVO	
NOME E APELIDOS DO ALUMNO/A PARTICIPANTE	
NOME DA CONTA DE INSTAGRAM UTILIZADA PARA PARTICIPAR NO CONCURSO (<i>o teu nome en Instagram</i>)	
CURSO	<input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º

DATA	ASINADO PARTICIPANTE	ASINADO NAI/PAI/TITOR OU TITORA LEGAL QUE AUTORIZA Á PARTICIPACIÓN

NOTA INFORMATIVA:

en cumprimento da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, informámolo/a de que os datos persoais desta autorización pasarán a formar parte dun ficheiro propiedade da Deputación da Coruña, con respecto ao cal poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, nos termos establecidos na normativa vixente, mediante un escrito presentado por correo ordinario e dirixido aos Servizos Sociais da Deputación provincial da Coruña (Avenida Porto da Coruña nº 2, 15003 A Coruña) acompañado da fotocopia do DNI ou dun documento equivalente.

Ao firmar este documento está autorizando a un ou unha menor a participar no concurso #INSTAGRAM SEN MACHISMO, concurso que se apoia na difusión de imaxes e textos a través da rede social Instagram. A participación nesta convocatoria supón a total aceptación das bases polo que se lle ceden os dereitos para que a deputación poida empregar o traballo para calquera campaña de sensibilización e información das actividades da Deputación da Coruña relacionadas co fomento da igualdade de xénero.

Así mesmo, está autorizando á Deputación da Coruña o uso dos datos persoais do/a menor e a súa inclusión na publicidade correspondente con propósitos publicitarios non comerciais e promocionais da Deputación da Coruña no marco do fomento da igualdade de xénero, así como a cesión da imaxe da persoa participante menor de idade no concurso.

*Segundo o disposto no artigo 18 da Constitución, Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito ao honor, a intimidade persoal e a propia imaxe e a Lei 15/1999, do 13 de decembro, sobre a protección de datos de carácter persoal.